



# PLAN DIGITAL

## CEE 0 Pedroso

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**CEE O Pedroso**, Centro de Educación Especial para Alumnado con Trastornos Graves de Conducta

Código de centro:15032327

Dirección: Rúa de San Paio do Monte s/n

C.P: 15705

Localidade: Santiago de Compostela.

Provincia: A Coruña

Teléfono: 981 56 19 72

Correo electrónico: [cee.opedroso@edu.xunta.gal](mailto:cee.opedroso@edu.xunta.gal)

Páxina web: [www.edu.xunta.gal/centros/ceeopedroso/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceeopedroso/)

Etapas educativas: Etapas de escolarización obrigatoria.

Servicios: Internado de luns a venres

Número de alumnos: 12

Número de profesores: 8

Psicólogo Clínico, Protocolo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades.

Coidadoras e Educadoras



### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio de Educación Especial O Pedroso, é un centro docente público, dependente da Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades deseñado para alumnos con NEE derivadas do seu trastorno.

É un recurso especial para aqueles alumnos nos que os contextos sanitario e educativo ordinarios, escola e familia, fracasaron nos obxectivos de educación, socialización e benestar mental.

O centro naceu dun protocolo de colaboración entre as Consellerías de Educación, que asume a titularidade do centro, e a de Sanidade, que se comprometea garantir o apoio médico-psiquiátrico.

É un centro de referencia para toda Galicia, grazas a que conta cun internado de luns a venres. Os alumnos pertencen a lugares diferentes dentro da nosa Comunidade Autónoma de ahí que as condicións socioeconómicas e culturais sexan moi diversas.

No Proxecto Educativo establécese o obxectivo prioritario do Centro que é a mellora de conduta dos alumnos. De ahí a elección do medio ou o recurso máis axeitado ao momento, sendo os dispositivos dixitais unha axuda para conseguilo. Abrangue o horario lectivo do alumno e as horas de internado. Nas clases, segundo o recollido nas programacións das diferentes materias e as horas reservadas na biblioteca e na aula de informática, facemos uso das tecnoloxías dixitais para a súa implementación no proceso educativo. O horario lectivo asigna o uso destes espazos dotados de ordenadores a todas as materias, na medida do posible para o uso destas tecnoloxías. Dentro da programación de cada Ámbito contamos coa Dinamización de TICS nas que propoñemos unha serie de actividades a levar a cabo ese curso escolar.

Na elaboración do Proxecto Interdisciplinar do centro intervén todo o profesorado desde as diferentes materias achegando contribucións dixitais elaboradas polos alumnos. Empregamos como medio de traballo, en algunhas materias, a Aula Virtual para que os alumnos a coñezan e poida ser usada dende a súa casa se o precisan.

Dentro da programación do tempo non léctivo existen horarios nos que os alumnos poden utilizar dispositivos dixitais.

O Plan Dixital contribúe á Programación Xeral na mellora da elaboración de documentos, en proporcionar soporte para as diferentes tarefas, na práctica pedagóxica e na comunicación tanto dentro da nosa comunidade educativa como a externa á mesma.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria,

educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A necesidade de elaboración do Plan dixital dou lugar a constitución dun Equipo de Dinamización Dixital formado por unha Coordinadora e o Equipo Directivo. Coma a planificación afectaba a todos os membros do Claustro optamos pola realización dun PFPP (Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital do CEE O Pedroso), no que a participación foi dun 100%, para a elaboración do mesmo. A través deste plan de formación se cumprimentaron os test SELFIE e CDD, se analizaron os seus resultados e se concretaron e implementaron no DAFO e no Plan de Acción.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital	Solicítase a	Paga
Conectividade a internet(datos)	UAC	Administración
Telefonía (voz)	Movistar	O Centro
Cableado, sen fíos e electrónica de rede. Programa <i>escolas conectadas</i>		Programa Escolas Conectadas. Administración

Equipamento*			Atendido e mantido pola administración?	Detállase na aplicación de inventario?	Petición
Aulas dixitalizadas	Si	Escolas conectadas (conexión) Sen uso	Si		
EDIXGAL	Non				
Postos para a xestión e administración do centro	Si	2 computadores de sobremesa			
Biblioteca (catálogo)	Si	4 computadores de	Non		

		sobremesa, Smart TV Reprodutor DVD			
Sala de profesorado e departamentos	Si	2 computadores de sobremesa	Non		
Aula móbil	Si	1 portátil 1 tablet	Non		
Aula de informática	Si	12 computadores de sobremesa, proxector de vídeo, pizarra dixital.	Non		
Proxectos específicos administración	Si	1 portátil para situacións COVID	Si		
Proxectos de centro	Non				

\*Consideramos equipamento que esté en uso.

Servizos dixitais corporativos		Detállase no plan	Proposta de mellora
Correo	Si	Si	UAC
Páxina do centro	Si	Si	
Aula virtual	Si	Si	
Espazo abalar	Si		
Contidos educativos	Non		
Agueiro	Non		
Proxectos corporativos(edixgal)	Non		
Non corporativos	Non		

Contamos co apoio e asesoramento da asesoras abalar

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,9	2,6			
	Profesorado	3,3	3,3			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,6	2,2			
	Profesorado	2,7	2,7			
	Alumnado	4	3,1			

C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8	2,5		
	Profesorado	2,8	2,7		
	Alumnado	2,9	3		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8	3,9		
	Profesorado	4,2	4,2		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3	2,8		
	Profesorado	3,3	3,1		
	Alumnado		3,8		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2	2,8		
	Profesorado	3,4	3,4		
	Alumnado	4,2	3,2		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6	2,5		
	Profesorado	2,7	2,7		
	Alumnado		2,9		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,1		
	Profesorado	3,5	3,3		
	Alumnado	3,7	3,1		

### Test CDD:

Información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL	7	7	100,00%
INTERINO	1	1	100,00%
SUBSTITUTO	1	1	100,00%
DESPRAZADO			

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	81	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	85,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de	% de profesorado participante neste
--	-------------------------------	-------------------------------------

	competencia	nivel
A1		
A2	5	55,6%
B1	2	22,2%
B2	1	11,1%
C1	1	11,1%
C2		
TOTAL	9	100,0%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Dispónse dunha aula de informática cun computador personal para cada alumno.</li> <li>-O centro conta con Internet, con velocidade suficiente, para a ensinanza/aprendizaxe.</li> <li>-Contamos con ordenadores na sala de profesores e Internet en todas as aulas por pertencer a escolas conectadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Existe unha aula específica de informática, con horario marcado, non podemos ter todas as aulas con dispositivos TICS polos trastornos do noso alumnado.</li> <li>-Os alumnos non reciben información a través do abalar móbil.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Experimentación con novas modalidades de ensino.</li> <li>-Participación do 100% do profesorado no plan de formación de centros.</li> <li>-O profesorado busca recursos en línea ou crea contidos dixitais para reforzar o ensino.</li> <li>-Uso de T.D. para adaptar os métodos de ensino as necesidades dos alumnos e fomentar a súa creatividade e motivación. Emprego de entornos virtuais.</li> <li>-Fomento da participación dos alumnos nos proxectos interdisciplinares.</li> <li>-Emprego de T.D. para a reflexión do autoaprendizaxe do alumno. Emprego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Uso insuficiente de T.D. para fomentar a colaboración do alumnado.</li> <li>-Os profesores non empregan as T.D. para que os alumnos fagan observacións dos traballos dos compañeiros.</li> <li>-O profesorado tampouco é coñecedor das vantaxes ou non empregan o software libre.</li> <li>-Pouca esixencia de traballo na casa o fin de semana, os alumnos non levan tarefas.</li> </ul>



	<p>da A. V. para que os alumnos poidan facer un seguimento das materias e facilitar o seguimento da súa actividade académica.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Participación en actividades formativas individuais para a actualización de competencias dixitais.</li> <li>-O profesorado forma un grupo moi unido e conectado.</li> <li>-Todo o profesorado permanece no centro dende a primeira clase ata a última, isto permite a colaboración e axuda ante dúbidas en tecnoloxías dixitais.</li> </ul>	
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Os educadores, nas horas de Internado, coordinan e vixilan o uso das TICS nas horas de ocio.</li> <li>-Coñecemento dos contidos aos que acceden de luns a venres, pois están baixo supervisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Horarios fixos para a utilización dos dispositivos.</li> <li>-Uso dos mesmos ordenadores para ocio e para clase.</li> </ul>
<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo para lograr o uso responsable e seguro en Internet.</li> <li>-Valórase o traballo doutras persoas en Internet. Aprender a comunicarse.</li> <li>-Os profesores falan das vantaxes e desvantaxes do uso de T.D. no proceso de ensinaza/aprendizaxe.</li> <li>-Emprego da A.V. para facer un seguimento das materias e facilitar o seguimento da actividade académica.</li> <li>-Os alumnos consideran que non precisan software de pago para realizar actividades do centro.</li> <li>-Interese dos alumnos polos entornos dixitais</li> <li>-Axuda e colaboración entre alumnos no uso de T. D. en momentos de ocio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Pouco fomento da necesidade dunha verificación máis profunda da calidade da información buscada.</li> <li>-Os alumnos cren que non poden atopar a información que precisan na web do centro.</li> <li>-Os alumnos non son coñecedores do emprego de software libre ou non o dispoñen e fan uso.</li> <li>-Dificultades para implicar aos alumnos no aprendizaxe mixto.</li> <li>-O alumnado é de NEAE e perciben as T.D. cunha finalidade máis lúdica que educativa.</li> <li>-Desinterés xeral do alumnado.</li> <li>-Precisan traballar moi dirixidos para conseguir obxectivos.</li> <li>- Os seus trastornos poden xerar dificultades no emprego de dispositivos dixitais.</li> </ul>
<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pola tipoloxía de centro existe un contacto directo e estreito co pai, nai ou titor legal (non se precisa abalar)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Infraestructuras con deficiencias nas casas do alumnado debido aos dispositivos ou por conexión para a</li> </ul>

			<p>ensinanza mixta.</p> <p>- Pouca colaboración familiar no ensino mixto.</p>
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>- Apoio do E.D. na experimentación con novas modalidades de ensino.</p> <p>- Toma de decisións consensuada co profesorado dada programación do FPP no referente a tecnoloxías dixitais.</p> <p>- O E. D. considera que o centro só emprega servizos dixitais educativos para difundir información.</p> <p>- O centro promove a participación no plan de formación de centros.</p> <p>- Pocos membros en toda a comunidade pero moito contacto de todos con todos.</p> <p>- O E.D. coñece as normas para a compra de equipos informáticos. Hai equipamento informático mercado polo propio centro.</p> <p>- Implicación do E.D. ante as demandas relativas a infraestrutura e equipos que sexan necesarios para a actividade docente.</p>	<p>- A tipoloxía do centro condiciona a infraestruturas, ao emprego de certos equipos e as comunicacións con outras organizacións.</p> <p>- Certas actividades non son apropiadas para o noso centro.</p> <p>- Mellora da protección de datos.</p> <p>- Uso continuo durante 5 días, nas horas de internado, de distintos dispositivos que poden confundir ao alumnado no papel que xogan os mesmos.</p> <p>- Falta dunha estratexia dixital globalizada que coordine todo os sectores do centro.</p> <p>- Falta de emprego das novas tecnoloxías para as comunicacións relativas ao centro educativo.</p> <p>- Uso insuficiente de T.D. para a avaliación das capacidades do alumnado.</p> <p>- O E.D. considera que no se promove o uso de software libre no ámbito educativo.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>- Os Plans de FFP que se adaptan as necesidades do centro en materias dixitais.</p> <p>- O profesorado considera que as modalidades de formación axústanse a súa formación.</p>	<p>- A infraestrutura e os equipos dixitais non se consideran suficientes ou en condicións para a labor docente.</p> <p>- Mellora da asistencia técnica.</p> <p>- O XADE non se adapta a este tipo de centro. Considérase coma un C.E.E pero non se ten en conta a titulación de ESO que aquí se alcanzan.</p> <p>- O DOC e o Dredrespe non nos permiten reflexar a realidade do centro.</p>

LEXISLACIÓN		- Cambios constantes da lexislación en educación.
CONTORNA		-O centro escolariza a alumnado procedente de todo o territorio galego. Os pais pertencen a diferentes localidades.
ANPA	-Actualmente non existe pero hai unha Escola de Pais.	-Deixou de funcionar hai anos por dificultades de organización familiar.
OUTRAS ENTIDADES		-Falta de emprego de T.D. na colaboración con outras organizacións.

### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez obtidos os datos dos Test SELFIE e CDD, se analizaron os seus resultados. A puntuación do SELFIE, 1 ao 5, permitiunos cuantificar os distintos apartados e a plantilla facilitada a súa incorporación ao DAFO.

Cumplimentado o DAFO analizamos os resultados, moitas das debilidades e ameazas son debidas a tipoloxía do noso centro coma o uso de certos dispositivos dixitais, traballo na casa, certas infraestructuras no centro, colaboracións, observacións dos traballos dos demáis, o Xade non se adapta as características do centro...

Optamos por tres obxectivos que consideramos factibles coa involucración da dirección do Centro e do Profesorado. Fan referencia a: Dispositivos dixitais para o ensino, retroalimentación adecuada, colaboración do alumnado.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas

Equipamento Necesario	Finalidade
1 computador portátil	-Traballo de aula cos alumnos e aproveitamento da conexión das escolas conectadas. -Utilización xunto co proxector da aula de informática, pois o outro portátil ten un problema de sonido. -Para xestión de documentación da práctica docente e para documentos administrativos.

	-Mantemento da páxina web, aula virtual, videoconferencias, comunicacións coas familias.
4 tablets	-Traballo de aula cos alumnos e aproveitamento da conexión das escolas conectadas. -Para actividades no exterior, fotografar elementos da natureza como animais, plantas ou cogomelos para as xornadas Micolóxicas, utilizar apps de recoñecemento de especies, orientación espacial... -Para o seguimento do Proxecto Interdisciplinar de centro.
12 computadoras de sobremesa	- Actualización dos equipos da aula de informática. Pola a súa antigüidade non permiten a instalación de software novo, o sistema operativo non se pode actualizar, e algúns dispositivos presentan problemas de funcionamento reiterado. - A implementación do Plan Dixital unido ao contidos dixitais en case todas as áreas educativas require duns dispositivos en condicións óptimas.

Consideramos que polo momento non precisamos melloras de infraestructuras tecnolóxicas e servizos dixitais, non porque o centro dispoña delas senón polas particularidades do noso centro.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestruturas e equipos (C)						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar as infraestruturas dixitais (* C2: Dispositivos dixitais para o ensino)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Sustitución, na aula de informática, de ordenadores antigos por novos. Inversión en hardware para poder dotar de recursos dixitais outros espazos do centro.					
Valor de partida (3)	0 ordenadores novos.					
Valor previsto e data (4)	12 ordenadores novos para a aula de informática. 3 tablets novas.			Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Establecer os horarios do uso da aula de informática e da biblioteca.	Xefa de estudos	Setembro 2022	Horarios do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Facer un inventario do equipo dixital de centro, e das necesidades.	Coordinadora TICS Dirección Claustro	Outubro 2022	Inventario Necesidades de hardware		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Renovar e adquirir hardware novo.	Dirección de centro Coordinadora TICS	Decembro 2022	Xestión a través dun técnico asesor do presuposto, da compra e instalación do novo hardware.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Prácticas de avaliación (G)						
2. OBXECTIVO (1):	Utilizar a Aula Virtual polo menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña. (*G3: Retroalimentación adecuada)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realizar probas, na Aula Virtual, tipo test ou de resposta como autoavaliación para a retroalimentación dos alumnos.					
Valor de partida (3)	10% das materias					
Valor previsto e data (4)	75% das materias			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1:Matricular o alumnado novo na Aula Virtual do centro.	Administradoras da Aula Virtual.	Setembro 2022	Ordenadores, Internet Aula Virtual Moodle do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:Crear ou buscar as probas para a autoavaliación.	Profesores	Inicio de cada trimestre	Ordenadores, Internet Aula Virtual Moodle do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3:Realizar, polo menos unha cada trimestre, as probas de avaliación na aula virtual.	Profesores	Xuño 2023	Ordenadores, Internet Aula Virtual Moodle do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: F Pedagogía: Implementación na aula						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Organizar e desenvolver o proxecto colaborativo anual a través da aula virtual. (*F5: Colaboración do alumnado)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefa de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Uso da Aula Virtual dúas horas á semana, polo alumnado, para tarefas do proxecto colaborativo.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 horas adicadas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 horas semanais.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Crear os cursos e matriculación do profesorado e alumnado na Aula Virtual Corporativa.	Administradoras da aula virtual.	Setembro 2022	Ordenador, Internet, Aula Virtual corporativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Crear actividades relativas ao proxecto colaborativo.	Profesorado involucrado	Xuño 2023	Ordenadores, Internet, Aula Virtual corporativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Realizar as actividades propostas.	Profesorado involucrado	Xuño 2023	Ordenadores, Internet, Aula Virtual corporativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do plan e da consecución de obxectivos, farase:

**-Avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Obxectivo: Estado de execucións das accións				
°Trimestre	Estado de execución		Resultados	Posibles modificacións
	En prazo	Fóra de prazo		
A01.1				
A01.2				
A01.3				

**- Avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Se redactará unha memoria final con estes resultados e se establecerán obxectivos para o curso seguinte.

#### 5. Difusión do plan

O 100 % do profesorado colaborou na elaboración do Plan Dixital através da súa participación no PFPP (Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital do CEE O Pedroso), polo que son coñecedores do mesmo. No caso da incorporación de novo profesorado farémolles partícipes do Plan de Acción para que sexan conscientes dos obxectivos que pretendemos conseguir como centro. O Plan será presentado en claustro e aprobado en Consello Escolar no último trimestre do curso 2021-2022. Incluíremolo na páxina web do centro, con acceso restrinxido, para que toda a comunidade educativa sexa coñecedora do mesmo.